

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI05L	<i>Expediente</i> CON/22/2012	<i>Fecha</i> 02-05-12 08:41



## **PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS QUE HAN DE REXER A LICITACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO PARA OUTORGAR AUTORIZACIÓN DO USO DA VÍA PÚBLICA PARA A COLOCACIÓN DE COLECTORES DE ROUPA E CALZADO USADOS E OUTROS RESIDUOS TÉXTILES NO MUNICIPIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

### **1-Xustificación e obxecto do procedemento aberto**

É obxecto do presente procedemento aberto a autorización para a utilización privativa da vía pública, no municipio de Santiago de Compostela, exclusivamente para a colocación de colectores de recollida de roupa e calzado usados e outros residuos téxtiles, cuxa localización específica se determinará polo concello, previo estudo da proposta presentada polo adxudicatario na súa oferta, de acordo coas indicacións dadas nos Pregos e nos informes emitidos pola Policía Local e os departamentos ou institucións afectados. Da devandita autorización derivase a obrigação de baleirado dos colectores e transporte da roupa e calzado usados e outros residuos téxtiles recollidos, así como a xestión do material referido con arranxo ao establecido no presente prego de condicións.

A autorización para a colocación deste tipo de colectores no municipio de Santiago de Compostela xustifícase na aplicación da seguinte normativa:

-Segundo o artigo 3 da lei 22/2011 de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, por xerarse nos fogares como consecuencia das actividades domésticas a roupa é considerada "residuo doméstico"

Así mesmo, no capítulo II: PRINCIPIOS DA POLÍTICA DE RESIDUOS E COMPETENCIAS ADMINISTRATIVA (Título I), artigo 12, da referida Lei de Residuos, establécese que corresponde ás Entidades Locais a recollida, transporte e tratamento dos residuos domésticos xerados nos fogares na forma en que establezcan as súas respectivas ordenanzas no marco xurídico do establecido nesta Lei, das que no seu caso dicten as Comunidades Autónomas e da normativa sectorial na materia de responsabilidade ampliada do produtor.

Doutra banda, hase de ter en conta o beneficio que supón eliminar doutros contenedores o residuo téxtil, o que doutro xeito ocasionaría máis peso na fracción de residuos destinados a rexeitamento ou ben impropios na recollida de envases lixeiros así como a perda dun residuo reutilizable e valioso.

### **2-Ámbito de aplicación e definición dos servizos e traballos a realizar**

A colocación dos colectores de recollida selectiva de roupa e calzado usados e outros residuos téxtiles, obxecto da presente licitación, levarase a cabo no municipio de Santiago de Santiago e comprenderá os seguintes traballos.

1-Subministración e colocación inicial de 29 colectores, nas localizacións designadas polo Concello, que se reflicten no anexo I.

Os contedores metálicos a instalar estarán construídos en chapa de aceiro galvanizado dunha

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI05L	<i>Expediente</i> CON/22/2012	<i>Fecha</i> 02-05-12 08:41

soa lama e con estrutura ignífuga, personalizados co nome do CONCELLO DE SANTIAGO e co seu escudo, protexido todo él con barniz antigraffiti. A boca de entrada será pola parte posterior para facilitar o seu uso polo cidadán ao permitir o acceso pola beirarrúa sen ter que rodealo pola calzada e estarán dotados na boca de entrada de pletina antibarra e rodamento antirretorno en noria de carga xiratoria, así como disporá dunha porta reforzada antipalanca.

As dimensións serán:

- \* Anchura frontal mínima: 1.550 mm
- \* Fondo lateral mínimo: 1.150 mm
- \* Altura máxima: 1.950 mm
- \* A. boca entrada máxima: 1400 mm
- \* Ancho da boca mínima 850mm
- \* Volume xeométrico: 2.800 - 3.200 litros
- \* Volume interior: 2.200 - 2.800 litros

Así mesmo ,ao longo do período de autorización o Concello poderá requirir a colocación de mais unidades en funcion das necesidades que poidan xurdir.

2-Obrigacion de recollida e baleirado manual de os colectores colocados,cunha frecuencia de 2 veces por semana,de acordo aos itinerarios peestablecidos e de modo que causen o minimo de molestias á vecianza.Se as condicións de enchido dalgún ou de todos os colectores así o indicasen(enchido igual ou superiora  $\frac{3}{4}$  da capacidade do colector),a frecuencia de recollida deberá ser maior.

O contratista deberá aceptar e tratar todo o material que se lle entregue a través dos colectores de recollida que sitúe no municipio de Santiago de Compostela independentemente do contido doutros materiais"impropios" que non sexan roupa e calzado.

3-Transporte do material recollido a unha planta de clasificación.

4-Pesada e control por separado dos residuos procedentes de Santiago de Compostela e recibidos na planta de clasificación de forma que sexa posible o control de residuos xerados no municipio co fin de valorar posibles cambios ou melloras na prestación do servizo.

5-Mantemento en condicións operativas da totalidade dos colectores e limpeza e mantemento periódico dos mesmos,que se estima necesario inclúa reparación,pintado ou substitución.

Estas operacións realizaranse coas seguintes frecuencias (salvo que se estableza outra diferente por indicación do Concello).

5,1-Lavado trimestral -interior exterior- dos colectores(en calquera caso,sempre que o colector desprenda mal chiro,o seu aspecto exterior sexa de suciedade ou presente pintadas).

5,2-Revisión trimestral do estado dos peches.

5,3-Revisión trimestral do estado xeral dos colectores(o que pode levar reparación ou substitución de pezas así como o cambio do propio colector).

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI05L	<i>Expediente</i> CON/22/2012	<i>Fecha</i> 02-05-12 08:41

5,4-Sustitución dos adhesivos deteriorados cada tres meses sempre que estén deteriorados.

5,5-Pintado daquelas partes que así o esixan,cada tres meses

6-Facer entrega :

6,1-Trimestralmente de informes de resultados que reflctan os datos de recollida en Santiago de Compostela(kg) (para o control e cálculo estadístico ou publicidade dos datos), así como as posibles incidencias que poidan aectar ao óptimo funcionamento do servzo.

6,2-Semestralmente da parte correspondente do canon anual que se comprometeu a entregar ao Concello de acordo a oferta presentada.

6,3-Anualmente

6,3,1 Descrición da trazabilidade da roupa e calzado usados e outros residuos textiles recollidos desde a súa recollida ata o seu destino final distinguindo os seguintes fluxos"material reutilizable" e "material reciclable" e "material sen aproveitamento e impropios" e especificando os sistemas ou axentes implicados.

6,3,2-Documento oficial vixente que acredite que a báscula pesada do material recollido en Santiago de Compostela atópase homologada e adecuadamente calibrada.

7-Acudir ante avisos de : necesidade de recollida danos no colector ou suciedade no entorno nun tempo máximo de entre 24 e 48 horas.

3-Condições de realización das obrigas derivadas da autorización.

As operacións derivadas da colocación dos colectores realizaranse segundo as pautas anteriores, tendo en conta que o posible cambio de localización de colectores deberá ser autorizado polo Concello, previo informe de Policía Local e dos departamentos e institucións afectados.

O adxudicatario será responsable do cumprimento das disposicións vixentes en relación coa seguridade social, a fiscalidade,a protección do medio ambiente,a protección do emprego,condicións de traballo e prevención de riscos laborais e deberá dispor dos medios e equipos necesarios para a protección dos seus operarios ,así como dos pertinentes seguros de responsabilidade civil e danos a terceiros que cubran os riscos do personal ou calquera uotro tipo de contratempo derivado da prestación do servizo por importe non inferior a 3.000.000 euros.

Asimesmo será requisito imprescindible e por tanto de solvencia mínima do contratista o que dispoña das seguintes autorizacións para a xestión dos códigos LER 20 01 10 y 20 01 11:

-Autorización para recollida e transporte de ditos residuos non perigosos

-Autorización administrativa para a Valorización de ditos residuos non perigosos

Queda totalmente prohibido a subcontratación deste servizo, debéndose realizar directamente

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI05L	<i>Expediente</i> CON/22/2012	<i>Fecha</i> 02-05-12 08:41

polo adxudicatario

O adxudicatario deberá dispor de certificados en vigor acordes coa norma internacional de calidade UNE-ENE ISO 9001 e medioambiente UNE-EN ISO 14001.

#### 4-Documentación técnica a presentar.

As obrigacións derivadas da autorización demanial plasmaranse nun documento no que se reflectan de forma pormenorizada e debidamente xustificada ,os seguintes aspectos:

- Descrición do tipo e volumen dos colectores según fixa o fabricante
- Plano que inclúa as 29 localizacións.
- Rutas e itinerarios de recollida,con horarios de comenzo e fin das tarefas de recollida en base á localización dos colectores.
- Tarefas de limpeza e mantemento dos colectores.
- Dotación de medios materiais necesarios para a prestación do servizo:vehiculos a utilizar (especificando número e características,tendo en conta as previsións de vehiculos de reserva para cubrir incidencias), planta de clasificación (localización das instalacións,capacidade nominal de tratamento,liñas de tratamento de que dispon e fluxos previstos das distitas fraccións de residuos separados expresando a porcentaxe estimada sobre o total recollido para cada un deles).
- Dotación de medios personais necesarios para a prestación do servizo.
- Atención e información o cidadá sobre o funcionamento do servizo. Para elo disporá como mínimo d un correo electrónico, e unha páxina web aberta en internet onde indique toda a información necesaria sobre o servizo, así como tamén un número de teléfono da empresa impreso no corpo do contedor para atender cualquera necesidade de información da cidadanía.

Na devandita páxina web disporase das direccións e mapas da cidade, en donde se encontren os contedores instalados.

#### 5-Inspeccion e control

Os servizos obxeto do presente procedemento aberto estarán sometidos á inspección e control do Concello de Santiago de Compostela,que poderá realizar cantas revisións de personal e material teña convenientes asi como comprobar o nivel de prestación das obrigacións derivadas da autorización demanial.

Neste sentido, para que a supervisión das tarefas sexa eficaz,por parte da empresa designarase a unha persoa que manteña contacto directo Concello.

Así mesmo, os sevizos técnicos municipais resérvanse o dereito de obrigar ao adxudicatario a efectuar a pesada na báscula ue se determine,dos portes que aleatoriamente se consideren, co fin de cotexar estas pesadas coas efectuadas na báscula que normalmente utilice o adxudicatario.

Documento	Expediente	Fecha
CONWI05L	CON/22/2012	02-05-12 08:41

## ANEXO I – UBICACIÓN DOS COLECTORES

### ZONA CENTRO

Rúa de Viena s/n	Fronte aos Xulgados	Nº 1
Rúa Montero Rios 39	Marxe esquerda cara Rosalia de Castro	Nº 2
Rúa do Home Santo 59	No final, na saída a R. de Viguri	Nº 3
Rúa dos Concheiros 3	Ao carón do Cruceiro de san Pedro	Nº 4
Rúa do Escultor Asorey 2	Ao comenzo, vinndo por sta. Clara	Nº 5
Rúa de san Pedro de Mezonzo 31	Donde o antigo Colexio Peleteiro	Nº 6
Rúa de Bernardo Barreiro s/n	Donde o Instituto de Sar	Nº 7
Rúa do Hórreo 37	Na illa de recollida selectiva	Nº 8
Avenida Romero Donallo 29	Fronte ao restaurante chino	Nº 9
Rúa da Ponte do Sar 22	Donde o transformador	Nº 10

### ZONA NORTE Y FONTIÑAS

Rúa das Fontiñas 43	No Fremap, fronte á rúa Jaca	Nº 11
Rúa de Varsovia s/n	No cruzamento coa rúa Madrid	Nº 12
Rúa de París s/n	No cruzamento coa rúa Praga	Nº 13
Rúa de san Lázaro 63	Mais adiante do bar Periquillo	Nº 14
Rúa da Muíña 65	Xunto ao CSC de Amio	Nº 15
Rúa das Cancelas 94	Inmediacións do campo de fútbol	Nº 16
Rúa Salgueiriños de Abaixo 9	Subindo hacia as Torres	Nº 17
Rúa Tabaniscas 11	Fronte ao CSC da Casa Agraria	Nº 18

Documento	Expediente	Fecha
CONWI05L	CON/22/2012	02-05-12 08:41

Rúa Xosé Chao 12	Detrás do mercado de Salgueiriños	Nº 19
------------------	-----------------------------------	-------

Rúa dos Irmandiños 7	Nos arredores do Instituto Xelmirez II	Nº 20
Rúa García Lorca 4	Ao escomenza-la rúa	Nº 21
Rúa santa Comba 9	Na praza onde escomeza-la rúa	Nº 22
<b><u>ZONA SUR</u></b>		
Avenida de Ferrol 21	Fronte á praza de entrada	Nº 23
Avenida de Ferrol 56	Chegando á praza da Merced	Nº 24
Rúa de Valentín Varela 10	Choupana. Onde o Hptal. Gil Casares	Nº 25
Rúa de Amor Ruibal 31	Frote ao Instituto	Nº 26
Rúa da Estrada 52	Antes da baixada a Hipercor	Nº 27
Avenida de la Libertad 20	Fronte ao Mercadona de sta. Marta	Nº 28
Praza de Aurelio Aguirre s/n	No muro do psiquiatrico de Conxo	Nº 29

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2012.



**O Inspector técnico de Servizos e Transportes**

**Asd.: Luis Alberto López García**